

## ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DE INGLÉS 2021-2022

De acordo coa Orde do 25 de xaneiro de 2022 o apartado 9 queda redactado da seguinte maneira:

### 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Ao longo do curso haberá tres avaliacións que se calificarán de acordo cos criterios expresados a continuación.

Dado que a lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos non haberá recuperación de avaliacións suspensas. Unha avaliación suspensa recupérase aprobando a seguinte do mesmo xeito que se pode suspender todo en xuño se non se fai un estudio continuado. Polo tanto para superar a materia na avaliación final ordinaria o alumnado deberá superar a terceira avaliación cun 5 e acadar na media das tres avaliacións un mínimo de 5. As cualificacións finais redondearase para á alza a partir de 0,5.

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

O alumnado coa avaliación superada previa poderá facer tarefas propostas para subir nota. As actividades realizadas dentro deste período como máximo subirán 0,5 puntos e valerán para redondear a nota á alza.

Neste período de recuperación o alumnado que non teña superado a materia deberá realizar actividades de recuperación que incluírán un exame. Estas actividades incluírán actividades de repaso e actividades que non fixeron durante o curso como por exemplo redaccións, presentacións ou controis dos libros de lectura. Estas tarefas terán un peso do 25% da nota da avaliación final.

O exame de recuperación terá un valor do 75% da nota da avaliación final e as porcentaxes quedarán da seguinte maneira: **reading (15%), grammar and vocabulary (30%), writing(15%), e un listening(15%)**

En todo caso, a cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso.

Os criterios de cualificación son o resultado da avaliación sumativa expresados en forma numérica. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica polo tanto, os criterios de cualificación do alumnado serán un conxunto de factores a ter en conta:

1. O alumnado realizará un ou dous tests por trimestre para comprobar a consolidación dos contidos traballados na aula e dos obxectivos marcados. Os contidos dos sucesivos exames son acumulativos, de xeito que se irá repasando a materia de unidades e avaliacións anteriores. A media destas dúas probas supón o 50% da nota total da avaliación (5 puntos). Os tests recollerán un **reading (10%)**, **grammar and vocabulary (20%)**, **writing( 10%)**, e un **listening(10%)**. Ao longo do trimestre tanmén poderá haber tests puntuais de verbos ou de vocabulario que poden puntuar neste apartado. Deberase acadar un mínimo de 3 puntos sobre 10 na nota dos exames para aprobar a avaliación.

O 50% restante da nota repártese así:

2. A nota oral que avaliará o profesor da materia xunto coa auxiliar de conversación valerá un **10%** da nota total (1 punto). Esta nota derivase da observación da práctica oral na clase e dunha proba que pode consistir na preparación dun roleplay, na discusión dun tema traballado na clase, nunha presentación oral en inglés, ou outras actividades similares. A falta de participación e actitude positiva nas actividades orais ou a utilización da lingua materna cando se realiza a práctica oral en inglés conlevará unha penalización de -0.25 na nota de speaking da avaliación. O alumnado deberá facer o esforzo de expresarse en inglés para mellorar.

3. **O libro de lectura** do trimestre, que pode ser traballado na clase pero supón principalmente un traballo individual e autónomo de casa, co diccionario para o estudo do vocabulario novo. A súa valoración é dun **20%** da nota da avaliación (1 punto). Na nota poderase ter en conta os resumos e traballos entregados así como o exame. A lectura do libro proposto é obrigada para acadar unha avaliación positiva. Para fomentar o interese pola lectura en inglés como medio de desenvolver o coñecemento da lingua o profesor poderá propoñer lecturas voluntarias que subirán nota en forma de positivos (0.5 puntos).

4. En cada trimestre haberá como mínimo un **proxecto** relacionado cos temas das unidades, coa cultura dos países de fala inglesa (países, cidades, persoas famosas, etc.) ou coas festividades típicas dos países de fala inglesa (Halloween, Thanksgiving, Saint valentine etc.) que será valorado cun **10%** con un máximo 1 punto. Para a súa cualificación teremos en conta: a pronuncia e habilidade á hora de expoñer en inglés

(0.25), a corrección gramatical (0.25), a preparación e traballo reflectido no contido e a información presentados, (0.25) e a orixinalidade e calidade do proxecto (0.25)

5. **O estudo e a realización das tarefas en casa e na clase** controladas a diario polo profesor, que son de obrigado cumprimento suporán o **10%** da nota. Os **exercicios escritos** recollidos e correxidos polo profesor (redaccións, cartas, resumos de películas ou libros, etc.) serán avaliados neste apartado. A non realización destes traballos será penalizado cun 0.2 menos. Tamén se ten en conta neste apartado a realización dos deberes diarios (homework), cuxo incumprimento será penalizado cun negativo (-0.1).

6. Ao longo do curso haberá controis escritos de verbos irregulares.

- En 1º tratarase de ir familiarizando ao alumnado con estes verbos ao longo do curso. A súa superación repercutirá na nota do apartado de gramática e vocabulario.
- En 2º o alumnado debe acabar o curso cun bo coñecemento destes verbos. A non superación destes controis suporá unha penalización na nota da avaliación de 0.5 puntos. Os alumnos que superen os controis cunha media de 8 ou máis terán unha bonificación de 0.5.
- En 3º e 4º debese asegurar a aprendizaxe deste elemento fundamental. O estudo dos verbos centrarase na primeira avaliación. Se non se superan haberá unha recuperación para cada control suspenso. A non superación destes controis que son de estudio suporá un insuficiente na avaliación do trimestre. Os alumnos que superen os controis cunha media de 8 ou máis terán unha bonificación de 0.5. Se é preciso estes tests poderanse repetir ao longo do curso.

7. A participación en actividades relacionadas coa cultura dos países de fala inglesa en colaboración co departamento de actividades complementarias e extraescolares (Halloween, Christmas, St Valentine, teatro, etc.) valorarase en forma de positivos ata **0.5**.

No caso de que durante o curso se teña que **pasar ao ensino non presencial** esto terase en conta na avaliación. Se o paso fose dunha duración limitada, podería afectar á realización dalgunha proba ou tarefa. Se fose posible compensaríanse coas tarefas xa feitas, se fose necesario faríanse a través da aula virtual. En caso de que fose máis prolongada a suspensión das clases presenciais, darase unha maior importancia á

entrega de traballos e realización de proxectos ou tarefas dende a casa. A calificación, de xeito orientativo, podería quedar da seguinte maneira:

- Test: gramática, vocabulario, reading e listening: 25%
- Libro de lectura: 25%
- Proxectos e presentacións (inclúe a nota de expresión oral): 25%
- Tareas e traballo diario: 25%